


Sobre contos e versos



7 / Tamas Pap - Unsplash

[T] Manrique Fernández

Na tradición literaria galega, e en contra do que é habitual noutras latitudes, sempre houbo un espazo preferente para o relato breve. Reminiscencias probablemente daqueles vellos contos de lareira que reunían á calor do lume a novos e vellos, ás veces coa intención de aleccionar aos máis pequenos sobre cuestións diversas ou simplemente por entreter as noites de inverno. Esa tradición pasou a formar parte do noso ADN literario e son moitos os nomes de escritores de noso vinculados de maneira diáfana a este xénero dende tempos ancestrais. Mesmo hai editoriais que, de cando en vez, argallan recompilacións temáticas, máis ou menos forzadas, nas que reúnen a algúns dos autores máis relevantes do momento.


Hoxe falaremos de dous destes casos, moi distintos entre si. O primeiro é, ao meu entender, unha das propostas máis interesantes dos últimos meses, e falo de *Miño. Antoloxía do relato galego actual*, recompilación promovida a iniciativa da asociación Amigos do Libro Galego/Artes e Letras e coordinada polo xornalista Xosé Manuel del Caño. Unha obra magna que recolle un total de 38 relatos, entre os que se atopan nomes de primeirísimo nivel das nosas letras e que ten a maiores o aliciente de contar cun relato póstumo de Domingo Villar, que ben podería encaixar naquel magnífico «Algúns contos completos» que sacara do prelo pouco antes do seu pasamento.



➤ Francisco Castro, autor de *A historia de Sara*



➤ Xosé Monteagudo / © Santos-Díez (Olla de Vidro-ACAB), *Vémonos mañá*



Son tantos e tan ben seleccionados os nomes dos implicados que sería absurdo incluír unha listaxe só por abraiar ao lector, pero este libro recolle unha completísima mostra do que se está a facer na literatura galega contemporánea. Hai variedade de xéneros e estilos, como non podía ser doutro xeito; tan distintas maneiras de afrontar un relato breve coma autores, diría eu: dende os máis tradicionalistas, aos amantes das vangardas e da experimentación. E hai nas súas páxinas propostas enormemente interesantes, mesmo algunhas procedentes de autores que se aventuran por vez primeira na narrativa despois de moito tempo navegando entre versos. Todos estes elementos fan deste libro un perfecto mostrario da literatura galega actual.


O outro caso é dun deses recompilatorios promovidos por unha editorial, nesta ocasión, Galaxia, a partir dun concepto, nos que reúne a unha boa presa de autores do seu catálogo e amigos. Neste caso a proposta xira arredor dun dos temas máis universais e quizais menos tratados na literatura: o fútbol. *O libro do fútbol* reúne 11 autores e autoras, emerxentes uns, consagrados outros, que aportan material inédito sobre esta temática acadando un resultado global máis ca meritorio. E, coma no caso anterior, tamén aparecen «novos narradores», como Alfonso Becerra, que sae así da súa zona de confort, o teatro.

Son só dous exemplos, hai máis, pero son dous casos destacados que reúnen medio cento de propostas coas que facernos unha idea moi precisa do noso xeito de entender o relato breve, ese xénero tan presente entre nós.

Como acontece a miúdo neste tipo de recompilatorios, é probable que nos sobren algúns dos contos ou botemos en falla a determinados autores, en función das querencias de cada lector que se aventure entre as súas páxinas. Iso é normal, pois na variedade (tamén de opinións) é onde vive a certeza.

Outra narración ben particular, que case poderíamos considerar un conto longo, é a proposta de Francisco Castro, apoiada nesta ocasión nunhas fermosísimas ilustracións a cargo de Luz Beloso. Falo de *A historia de Sara*, unha novela curta enfocada a un público adulto, pero protagonizada por unha nena e ilustrada ao xeito que acostumamos a facer cos libros para os máis pequenos. Unha rareza na edición galega sobre a que quizais conviría afondar un pouco máis. A protagonista é unha

MIÑO. ANTOLOXÍA DO RELATO GALEGO ACTUAL E O LIBRO DO FÚTBOL, DOUS RECOMPILATORIOS QUE REÚNEN MEDIO CENTO DE PROPOSTAS COAS QUE FACERNOS UNHA IDEA MOI PRECISA DO NOSO XEITO DE ENTENDER O RELATO BREVE, ESE XÉNERO TAN PRESENTE ENTRE NÓS.



➤ Andreia Costas, autora de *Magnolia punk e outras arritmias*



➤ Pilar Pallarés, autora de *Unha boa gatucada*



CLÁSICOS COMO MIGUEL SANDE, ANTONIO GARCÍA TEIJEIRO E PILAR PALLARÉS, E NOVOS VALORES COMO ANDREIA COSTAS, SAMUEL MERINO E OS DO COLECTIVO PONTEAREÁN VERSOS DE AREA, CONFORMAN AS NOVIDADES POÉTICAS QUE SAÍRON DO PRELO NOS ÚLTIMOS MESES.

nena que acaba de perder ao seu pai, o que provoca cambios na súa vida que lle resultan difíciles de xestionar cos seus 6 anos e que só ao final do relato se desvelan en toda a súa plenitude. Para iso conta coa axuda incorpórea do seu pai que, en condición pantasmal, guía os seus pasos. O máis relevante deste relato é a perfecta conexión entre texto e ilustración, ata o punto de que eu falaría directamente de coautoría, pois resulta moi complicado, unha vez rematada a lectura, separar ambos elementos.

Quizais tamén teña que ver cos contos de lareira, eses que van pasando de boca en boca ás agochadas, a nova entrega de Xavier Quiroga, *Coa man esquerda*, pois conta unha historia baseada nun suceso real e ambientada no tempo da máis incivil das nosas guerras (un clásico na súa narrativa!), na que conflúen os elementos tradicionais: o medo, a ansia de poder, o abuso, o secretismo, a vinganza... Un escritor retirado recibe un cartafol cun monllo de follas torpemente manuscritas, nas que se desvela parte da súa propia historia, que ata o de agora ficara escondida.

Quiroga, narrador hábil e afeito a xogar co lector, emprega un estilo moi libre con concesións constantes aos fluxos da memoria do suposto autor do manuscrito, un home na senectude e de reducida capacidade comunicativa. Consegue deste xeito que o lector se mergulle na historia dende o principio, a pesar da confusión inicial que pode provocar ese tratamento. O resultado é unha pequena alfaia literaria coa que remoer na memoria colectiva.

PROPOSTAS POÉTICAS

Pero se dicíamos máis arriba que o relato breve é un elemento fundamental do noso sistema literario, non o é menos a poesía, como desvela unha ollada superficial á nosa historia. E neste terreo están a pasar cousas que convén ter en conta. Así, apareceron nos últimos meses autores xa consagrados, como é o caso de Miguel Sande, que presentou o seu poemario *Brinde e desespero*, co que obtivo o premio Johan Carballeira. Pese á súa inequívoca cadencia lírica, o autor brinca con habilidade sobre as lindes da poesía, argallando así unha prosa poética moi persoal coa que nos enfronta ás nosas realidades cotiás partindo de conceptos como as relacións familiares ou a memoria da infancia.

É tamén o caso de Antonio García Teijeiro, que publicaba recentemente *O poder da fragilidade*, unha colección de versos de corte intimista na que se pregunta sobre a forza da palabra para sacarnos dun entorno hostil coma o que nos tocou vivir. Teijeiro, mar e verso, manexa a palabra cunha rara habilidade froito de moitos anos de traballo duro, mais iso xa non nos sorprende. O que si que nos chama a atención é ese pouso de pesimismo que semella desprenderse desta presa de poemas. Mais convén non deixarse enganar pola primeira impresión, pois a luz e a vitalidade do autor seguen presentes en cada páxina.

Se sinalabamos que están a pasar cousas é porque, fronte aos clásicos, están a proliferar as publicacións de